

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE SANIDADE

10590 *Orde SND/661/2021, do 24 de xuño, pola que se crean e se establece o réxime xurídico das comisións de garantía e avaliación da cidade de Ceuta e da cidade de Melilla, previstas na Lei orgánica 3/2021, do 24 de marzo, de regulación da eutanasia.*

A Lei orgánica 3/2021, do 24 de marzo, de regulación da eutanasia, ten por obxecto regular o dereito que corresponde a toda persoa que cumpra as condicións exixidas a solicitar e recibir a axuda necesaria para morrer, o procedemento que se debe seguir e as garantías que se deben observar.

O artigo 13 da citada norma inclúe na carteira común de servizos do Sistema nacional da saúde a prestación de axuda para morrer e garante o dereito á dita prestación a través dos servizos públicos de saúde, os cales aplicarán as medidas precisas para isto.

Por outro lado, o artigo 17 regula a creación e composición das comisións de garantía e avaliación que deberá existir en todas as comunidades autónomas e nas cidades de Ceuta e Melilla. Estas comisións deberanse constituír no prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor do dito precepto que, segundo a disposición derradeira cuarta da Lei orgánica 3/2021, do 24 de marzo, será o día seguinte ao da publicación da lei orgánica no «Boletín Oficial del Estado», e o Ministerio de Sanidade será quen cree as comisións para cada unha das cidades e determine os seus réximes xurídicos.

De conformidade co establecido no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, esta orde adecúase aos principios de boa regulación posto que, en primeiro lugar, se trata dunha iniciativa normativa xustificada por unha razón de interese xeral, cun fin claramente identificado nunha norma previa e superior, que expresamente a prevé como instrumento para garantir a súa consecución. Desta maneira, a norma cumpre cos principios de necesidade e eficacia.

Do mesmo modo, contén a regulación imprescindible para lograr o seu obxectivo, polo que se trata dunha regulación acorde co principio de proporcionalidade e resulta coherente co resto do ordenamento xurídico, o que tamén a fai adecuarse ao principio de seguridade xurídica.

Por último, débese destacar que a presente orde responde aos principios de transparencia e eficiencia, ao establecer o seu obxectivo claramente e sen ningunha carga administrativa engadida, que non é outro que o de garantir o exercicio da prestación de axuda para morrer.

Esta orde dítase en virtude do establecido no artigo 17 da Lei orgánica 3/2021, do 24 de marzo.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Función Pública e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto a creación das comisións de garantía e avaliación para o dereito á prestación de axuda para morrer nas cidades de Ceuta e Melilla, así como a regulación do seu réxime xurídico, composición, funcións e réxime de funcionamento.

Artigo 2. *Creación e composición da Comisión de Garantía e Avaliación na cidade de Ceuta.*

1. Créase a Comisión de Garantía e Avaliación para o Dereito á Prestación de Axuda para Morrer nos termos previstos na Lei orgánica 3/2021, do 24 de marzo, no ámbito da cidade de Ceuta, que estará formada por nove membros, nomeados pola Dirección de

Instituto Nacional de Xestión Sanitaria (en diante, Inxesa), por proposta da persoa titular da Dirección Territorial en Ceuta:

a) Presidencia: exercerá a Presidencia unha persoa facultativa médica con rango de titular de dirección ou de subdirección da Dirección Territorial ou da Xerencia de Atención Sanitaria en Ceuta, cun mínimo de experiencia no exercicio da profesión de cinco anos.

b) Vogais:

b.1) Un vogal, empregado público do subgrupo A1, titular dunha licenciatura ou grao en Dereito, destinado na asesoría xurídica do Inxesa en Ceuta.

b.2) Catro vogais, seleccionados entre persoal médico das áreas de atención primaria e atención especializada da Xerencia de Atención Sanitaria en Ceuta.

b.3) Tres vogais, seleccionados entre persoal diplomado ou graduado en Enfermaría das áreas de atención primaria e atención especializada da Xerencia de Atención Sanitaria en Ceuta.

c) Secretaría: exerceraa o vogal da asesoría xurídica do Inxesa en Ceuta, que actuará, así mesmo, como vogal, con voz e voto.

2. O réxime de substitucións en caso de vacancia, ausencia ou enfermidade e, en xeral, cando concorra unha causa xustificada, será o seguinte:

a) A persoa que exerza a Presidencia será substituída polo vogal elixido entre o persoal médico de maior xerarquía, antigüidade e idade, por esa orde.

b) As persoas coa condición de vogais da alínea b.1) do punto anterior serán substituídas por outras coa condición de empregadas públicas do Inxesa da mesma titulación e subgrupo profesional, e serán designadas da mesma forma que as titulares.

3. A Comisión de Garantía e Avaliación para o Dereito á Prestación de Axuda para Morrer da cidade de Ceuta queda adscrita á Dirección do Inxesa.

Artigo 3. *Creación e composición da Comisión de Garantía e Avaliación na cidade de Melilla.*

1. Créase a Comisión de Garantía e Avaliación para o Dereito á Prestación de Axuda para Morrer nos termos previstos na Lei orgánica 3/2021, do 24 de marzo, no ámbito da cidade de Melilla, que estará formada por nove membros, nomeados pola Dirección do Inxesa por proposta da persoa titular da Dirección Territorial en Melilla:

a) Presidencia: exercerá a Presidencia unha persoa facultativa médica con rango de titular de dirección ou de subdirección da Dirección Territorial ou da Xerencia de Atención Sanitaria en Melilla, cun mínimo de experiencia no exercicio da profesión de cinco anos.

b) Vogais:

b.1) Un vogal, empregado público do subgrupo A1, titular dunha licenciatura ou grao en Dereito, destinado na asesoría xurídica do Inxesa en Melilla.

b.2) Catro vogais, seleccionados entre persoal médico das áreas de atención primaria e atención especializada da Xerencia de Atención Sanitaria en Melilla.

b.3) Tres vogais, seleccionados entre persoal diplomado ou graduado en Enfermaría das áreas de atención primaria e atención especializada da Xerencia de Atención Sanitaria en Melilla.

c) Secretaría: exerceraa o vogal da asesoría xurídica do Inxesa en Melilla, que actuará, así mesmo, como vogal, con voz e voto.

2. O réxime de substitucións en caso de vacancia, ausencia ou enfermidade e, en xeral, cando concorra unha causa xustificada, será o seguinte:

a) A persoa que exerza a Presidencia será substituída polo vogal elixido entre o persoal médico de maior xerarquía, antigüidade e idade, por esa orde.

b) As persoas coa condición de vogais da alínea b.1) do punto anterior serán substituídas por outras coa condición de empregadas públicas do Inxesa da mesma titulación e subgrupo profesional, e serán designadas da mesma forma que os vogais titulares.

3. A Comisión de Garantía e Avaliación para o Dereito á Prestación de Axuda para Morrer da cidade de Melilla queda adscrita á Dirección do Inxesa.

Artigo 4. *Funcións.*

As comisións de garantía e avaliación das cidades de Ceuta e Melilla exercerán as funcións previstas no artigo 18 da Lei orgánica 3/2021, do 24 de marzo.

Artigo 5. *Réxime de funcionamento.*

1. Cada comisión disporá dun regulamento de orde interna, que será elaborado por ela e autorizado polo Ministerio de Sanidade.

2. O funcionamento das comisións de garantía e avaliación será o previsto nos seus respectivos regulamentos de réxime interno e, no non regulado neles, o prescrito nas normas que regulan os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que se aplicarán en calquera caso con carácter supletorio.

3. Para adoptar os acordos será necesario que as comisións estean constituídas polas persoas titulares da Presidencia e da Secretaría ou, se for o caso, por aquelas que as suplan, e pola metade, ao menos, dos seus membros.

4. Os membros das comisións de garantía e avaliación estarán obrigados a gardar segredo sobre o contido das súas deliberacións e a protexer a confidencialidade dos datos persoais que, sobre profesionais sanitarios, pacientes, familiares e persoas achegadas, puidesen coñecer na súa condición de membros.

Disposición transitoria única. *Réxime supletorio.*

Mentres as comisións de garantía e avaliación non dispoñan do seu propio regulamento de orde interna, rexeranse polas regras establecidas na sección 3.^a do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 24 de xuño de 2021.–A ministra de Sanidade, Carolina Darias San Sebastián.